

O MEU ANIVERSARIO



Chámome Xandre Fernández
Pérez e vivo en Pontevedra.

O cinco de marzo foi o meu
aniversario.

Cumprín oito anos, xa tiña
moitas ganas de que chegara

o meu día. A miña familia tíñame preparada unha festa
sorpresa. Sen que eu sospeitara nada, decoraron o soto da casa
durante días.

Pola mañá, levanteime e fun ao colexio, coma nun día
calquera. Cando volvín, o meu pai levoume no coche a visitar
aos meus avós.

Ao chegar de novo á casa, baixei ao soto e alí estaban todos os
meus amigos, agardando a que chegara, para pasar a tarde
comigo.

Foi xenial ! Había grilandas colgadas do teito, globos de cores,
e unha piñata ! A miña nai fixo unha torta de amorodos.

Paseino moi ben e tiveron moitos agasallos, pero o meu preferido
foi un papaventos que me regalou o meu padriño Braulio.

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1) Como se chama o neno?

2) Cantos anos ten?

3) Onde vive?

4) Que día naceu?

5) Que lle tiña preparada a súa familia?

6) Onde celebrou a súa festa de aniversario?

7) A quen visitou Xandre cando volveu do colexio?

8) Cal foi o agasallo que máis lle gustou?
